



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 2 DE NOVEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dous de novembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 26 de outubro de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 26 de outubro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución de 18 de outubro de 2021, de Augas de Galicia, pola que se amplía o crédito da Resolución de 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A). (Diario Oficial de Galicia número 206, de 26 de outubro de 2021).

- Orde de 21 de outubro de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica a Orde de 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de reparto e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 207, de 27 de outubro de 2021).

- Orde de 21 de outubro de 201, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica a Orde de 30 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (Diario Oficial de Galicia número 12, de 20 de xaneiro). (Diario Oficial de Galicia número 207, de 27 de outubro de 2021).

- Orde de 26 de outubro de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica a Orde de 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde de 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostelería segura da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 207, de 27 de outubro de 2021).

### 3º. Expedientes de contratación

#### 3.1. Proposta de adxudicación do "Servizo de gabinete de comunicación do Concello de Cambre e edición do boletín de información municipal" a prol do licitador "Ártabra Comunicación, S.L." no prezo ofertado de 119.780,00 euros sen IVE, 144.933,80 IVE incluído. Exp. 2021/C004/000021

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

Visto o expediente de contratación incoado co núm. 2021/C004/000021 para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao "*Servizo de gabinete de comunicación do Concello de Cambre e edición do boletín de información municipal*", cun orzamento base de licitación de 152.937,28 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na acta da Mesa de Contratación de data 6 de outubro de 2021, respecto da única oferta presentada no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación, na mesma data, a prol do licitador "Ártabra Comunicación, S.L.", no prezo ofertado de 144.933,80 euros IVE incluído, e coa mellora dunha bolsa de 200 horas anuais de libre disposición polo concello, así como un sistema de gardas localizadas para calquera continxencia as 24 horas do día, os 365 días do ano, cunha puntuación total de 77 puntos, e sen que a súa oferta se atope incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Tendo en conta que a Mesa de Contratación outorgou ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de dez días hábiles para que presentase a documentación contemplada na cláusula 14 do PCAP, isto de conformidade co establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e que con data 22 de outubro de 2021, "Ártabra Comunicación, S.L." presentou a través da Plataforma de Contratación do Sector Público a documentación requirida, emitíndose informe favorable polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, de data 25 de outubro de 2021, respecto da solvencia técnica, así como da suficiencia de medios persoais e materiais requiridos para a execución do contrato, con base na documentación achegada e que se relaciona no citado informe.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral da Corporación con data do 25/10/2021 que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe favorable emitido polo interventor da Corporación, nº 417/2021 de data 26 de outubro de 2021,

Á vista do establecido na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e concordantes da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 24 de setembro de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela a proposición da única empresa presentada á licitación, "Ártabra Comunicación, S.L.", por cumprir coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 9 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e ter achegado debidamente cuberta a documentación requirida na cláusula 10.1 e 10.2 do dito prego.

**Segundo:** Aprobar, de acordo co informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, con data 5 de outubro de 2021, ratificado pola Mesa de Contratación con data 6 de outubro de 2021, a seguinte puntuación outorgada a "Ártabra Comunicación, S.L.", correspondente ao criterio de valoración que consta no PCAP, cláusula 13.2.c) A. *Criterios valorables mediante xuízo de valor:* Memoria técnica sobre a estratexia comunicativa:

Apartado da memoria	Puntuación obtida
<ul style="list-style-type: none"><li>Contextualización da proposta ao Concello de Cambre</li><li>Estratexia de comunicación</li><li>Comunicación interna.</li><li>Comunicación externa.</li></ul>	4
<ul style="list-style-type: none"><li>Metodoloxía de traballo e planificación</li></ul>	2
<ul style="list-style-type: none"><li>Seguimento do traballo e avaliación da calidade</li></ul>	1
<b>TOTAL</b>	<b>7 puntos</b>

**Terceiro:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación de data 6 de outubro de 2021, a seguinte puntuación correspondente á oferta económica e demais criterios avaliábeis de forma automática, así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, que queda establecido en 114.702,96 euros (IVE incluído):

Criterio	Puntos
Oferta económica (ata 55 puntos)	55
Traballos similares (ata 20 puntos)	0
Horas anuais libre disposición (ata 10 puntos)	10
Gardas localizadas (ata 5 puntos)	5
<b>TOTAL</b>	<b>70 puntos</b>

**Cuarto:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a puntuación global, obtida polo licitador "Ártabra Comunicación, S.L.", tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 13.2.c) do PCAP:

	Criterios subxectivos mediante xuízo de valor	Criterios avaliáveis de forma automática	TOTAL
Ártabra Comunicación, S.L.	7	70	77 puntos

**Quinto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 6 de outubro de 2021, adjudicar o expediente núm. 2021/C004/000021, correspondente ao “Servizo de gabinete de comunicación do Concello de Cambre e edición do boletín de información municipal”, a prol da única empresa presentada á licitación, “Ártabra Comunicación, S.L.”, no prezo ofertado de 119.780,00 euros sen IVE (144.933,80 euros, IVE incluído), cos compromisos recollidos na memoria presentada, e as melloras ofertadas dunha bolsa de 200 horas anuais de libre disposición polo concello, e un sistema de gardas localizadas para calquera continxencia as 24 horas do día, os 365 días do ano, isto por cumprir cos criterios que constan na cláusula 10 do PCAP, e ter presentado no prazo outorgado a documentación requirida na cláusula 14 do PCAP, sen atoparse a empresa incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2 c) da LCSP, as características da proposición do adjudicatario determinantes da puntuación obtida son a memoria presentada, o prezo ofertado, e as melloras ao servizo en calidade de bolsa de horas anuais e sistema de gardas localizadas.

**Sexto:** Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación consonte co artigo 44 e 153 LCSP, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adjudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcurrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve consigo a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adjudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

O adjudicatario presentará, antes da firma do contrato, os documentos relativos ao seguro de responsabilidade civil a que se refire a cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas particulares.

A formalización do contrato publicarase, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días no Perfil de Contratante (art. 154 LCSP).

**Sétimo:** De conformidade co establecido na cláusula 17.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares, designar responsable do contrato ao xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior municipal, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada, isto do conformidade co establecido no artigo 62 da LCSP e cláusula 17 do PCAP.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos ao licitador participante e publicar no prazo de quince días a adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da LCSP, facéndolle saber que, contra eles, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no art. 44, apartados 1.a) e 2. c) da LCSP e cláusula 30.1 do PCAP regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (art. 50 e Disposición adicional décimo quinta da LCSP), a contar desde o día seguinte ao do aviso de posta a disposición da notificación a través da plataforma

Notifica.gal, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme co establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da LCSP, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>.

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia *"pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público"* (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica [https://tacgal.xunta.gal/procedementos\\_e.html](https://tacgal.xunta.gal/procedementos_e.html). En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación das medidas provisionais substanciarase conforme co disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notifíquese ao responsable do contrato, á técnica de xestión de Administración xeral responsable de Contratación e ao departamento de Intervención municipal, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3.2.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000008, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, (cun único criterio de valoración: oferta económica), correspondente á obra de Mellora da accesibilidade na contorna do Polígono do Temple, Cambre (supervisado), obra incluída na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña , con data do 27 de novembro de 2020, aprobou as Bases Reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan unico de Concellos ) POS + 2021, que fóron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, e cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do mesmo órgano provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

Na Base nº 4.3 regúlase a aprobación pola Deputación Provincial dun Plan Complementario, que se aprobará xunto ao Plan Base da anualidade 2021, e que ten natureza de reserva , coa finalidade de poder investir en cada concello os créditos procedentes dunha maior achega provincial a este Plan.

Así, no acordo de aprobación do POS+ 2021 inclúense tanto un Plan Base como un Plan Complementario composto polos investimentos financeiramente sostibles solicitados polos concellos de acordo co previsto na Base 4.3. Estes investimentos vanse aprobar con natureza de reserva, condicionados á existencia de financiamento procedente de baixas de licitación ou de maiores achegas da Deputación.

O Pleno do Concello de Cambre na súa sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2021 adoptou, entre outros, o acordo de participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2021” da Deputación Provincial da Coruña, así como aprobar o Plan Complementario do ano 2021, no que se inclúen, entre outros investimentos financeiramente sostibles, o proxecto correspondente á “Mellora da accesibilidade na contorna do Polígono do Temple”, cun importe de execución por contrata de 148.822,45 euros, aprobando ademáis o devandito proxecto.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 14 de xaneiro de 2021 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que os traballos realizaranse sobre actuacións xa existentes, de titularidade municipal, polo que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra Administración que non sexa a municipal, polo tanto considérase viable.

Con data 14 de abril de 2021 recibíuse requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas diversas incidencias, elaborándose un novo proxecto supervisado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolome Delanoë con data do 29 de abril de 2021.

O proxecto correspondente á obra da “Mellora da accesibilidade na contorna do polígono do Temple, Cambre” (supervisado), elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento base de licitación de 148.822,45 euros (IVE incluído), incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021-Plan Complementario”, foi

aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 29 de abril de 2021, e ratificado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 27 de maio de 2021.

Con data 17/06/2021 recíbese no Concello de Cambre Circular sobre a elaboración do POS + Adicional 2/2021 por maior achega provincial, na que se indica a cantidade que corresponde ao Concello de Cambre no POS + Adicional 2/2021 polo reparto da maior achega provincial, cun total de 423.765,60 euros, especificando que o concello unicamente poderá destinar esta maior achega provincial asignada ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, ben aos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021 ou ben a outros novos investimentos financeiramente sostibles.

Con data do 27/07/2021 recíbese Circular da Deputación Provincial da Coruña sobre a aprobación, mediante Resolución nº 2021/30870 do 23/07/2021, da **Primeira Fase do Plan provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (plan Único de Concellos) Adicional 2/2021**, no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que fóron solicitados con carácter supletorio no POS + 2021 Complementario 2021, e fóron aprobados conxuntamente co POS + Base de forma condicionada á existencia de crédito necesario para o seu financiamento. Establece dita Circular que os investimentos do Concello de Cambre indicados nela están aprobados no POS + Adicional 2/2021 (1ª fase) puidendo o Concello iniciar a súa adxudicación e posterior execución, e atopándose entre eles o correspondente á obra de "Mellora da accesibilidade na contorna do Polígono do Temple", cun importe de execución por contrata de 148.822,45 euros.

O financiamento do investimento é o seguinte :

- Deputación : 148.822,45
- Concello : 0,00
- Total : 148.822,45 euros

Consta a acta de replanteo do proxecto, asinada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data 26 de outubro de 2021.

Segundo consta na *"Circular sobre a aprobación da 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021, por maior achega provincial* de data 27 de xullo de 2021, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP e na páxina web da Deputación: [www.dacoruna.gal/contratacion/documentos](http://www.dacoruna.gal/contratacion/documentos). O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 04/08/2021 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 1532.61900, por importe de 148.822,45 euros.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, de data 2 de setembro de 2021, no que se propoñe o criterio de adxudicación, de acordo co novo Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021 (BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021).

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 26 de outubro de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da Secretaria accidental e o Interventor municipais con data do 26 de outubro de 2021 , favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, en uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende levar a cabo a execución de beirarrúas paralelas ás naves, nas zonas do Polígono do Temple que quedan sen urbanizar, estando previsto pavimentar toda a calzada, realizar a sinalización horizontal e repoñer a vertical, e executar pasos de peóns elevados nos cruzamentos e na rúa Francisco Añón, acondicionando as zonas verdes da contorna, cumprindo así coas competencias que o Concello ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (*“o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”*), sendo ademáis a pavimentación das vías públicas un servizo obrigatorio en tódolos municipios, de conformidade co establecido no artigo 26.1.a) da LBRL, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000008, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, (cun único criterio de valoración : oferta económica), correspondente a:

- Obxecto do contrato:	<i>“Mellora da accesibilidade na contorna do Polígono do Temple, Cambre” (supervisado), obra incluída na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021, por maior achega provincial, da Deputación Provincial da Coruña</i>
- Orzamento base de licitación:	148.822,45 euros IVE incluído
- Valor estimado:	122.993,76 euros
- Prazo de execución (fixado no proxecto):	4 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** De conformidade co establecido na Base Setima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP do 01/12/2020, en relación coa *“Circular sobre a aprobación da 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021, por maior achega provincial”*, de data 27 de xullo de 2021, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021 (BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021), (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.



**Cuarto:** Aprobar o gasto, por importe de 148.822,45 € por conta da aplicación orzamentaria 1532.61900.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

**Presidenta:** A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

**Vogais:** O/A secretario/a xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o/a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O enxeñeiro de camiños municipal- xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, e como suplente, o enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz.

**Secretaria:** A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Sétimo:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 22 ao 27 de outubro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 1808/2021 e remata coa resolución da alcaldía número 1842/2021, segundo se relaciona a seguir:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1808/2021	22-10-2021	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en finca sita en O Rocón, Cambre sen axustarse á comunicación previa presentada. Propiedade: JABG e MLBG
1809/2021	22-10-2021	Corrección erros acordo da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras nº 1.534 sobre a devolución do aval para garantir as obras de urbanización
1810/2021	22-10-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de outubro de 2021
1811/2021	22-10-2021	Devolución parcial da subvención concedida ao amparo da ORDE do 11 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS700A)
1812/2021	22-10-2021	Servizo de reparación de mobiliario de madeira deteriorado na zona canina do paseo de Templarios e ponte baixo a autopista
1813/2021	22-10-2021	Expediente sancionador pola colocación dunha nova rampla de madeira en Constitución, O Temple. Infractor: DY S.L.
1814/2021	22-10-2021	Desestimento axuda tratamento odontolóxico de NBB
1815/2021	25-10-2021	Rectificación de erro material no decreto de concesión de axuda de emerxencia social de dous recibos de aluguer correspondentes aos meses de abril e maio de 2020 por un importe total de 460 euros a MACD
1816/2021	25-10-2021	Adxudicación do cm actuacións en diversas instalacións /equipamentos deportivos culturais municipais a C, S.L.
1817/2021	25-10-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: DLF
1818/2021	25-10-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: FPV
1819/2021	25-10-2021	Contrato menor para impresión de carteis e despregables Animación á lectura
1820/2021	25-10-2021	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 28 de outubro de 2021
1821/2021	25-10-2021	Aprobación de facturas con reparos
1822/2021	25-10-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 34.223,11 euros
1823/2021	25-10-2021	Corrección de erros da declaración de obra nova da vivenda sita en Sobreguexe, Cecebre a nome de FJGB
1824/2021	25-10-2021	Licenza vao permanente para acceso garaxe comunitario. Solicitante: C. de P. Paseo Marítimo, O Temple
1825/2021	26-10-2021	Transferencia de crédito 7/2021. O verde desde a ventá
1826/2021	26-10-2021	Nómina outubro de 2021
1827/2021	26-10-2021	Transferencia de crédito 8/2021. Local Social de Meixigo

1828/2021	26-10-2021	Desestimento axuda aluguer de MCC
1829/2021	26-10-2021	Orde de execución por estado de parcela sita en Estrada Cambre-Temple, s/n. Propiedade: en investigación
1830/2021	26-10-2021	Reclamación relativa ao recibo 9111/203 de subministración de auga e rede de sumidoiros por importes elevados por presunta avaría na instalación
1831/2021	26-10-2021	Corrección erro Resolución nº 1805 /2021 de data 21/10/2021
1832/2021	26-10-2021	Lista definitiva docentes de informática
1833/2021	26-10-2021	Reposición legalidade urbanística pola construción de 5 edificacións e unha grella, sen título habilitantes , na finca sita en San Paio, Brexo. Propietario: MEGdeM
1834/2021	27-10-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 45.025,68 euros
1835/2021	27-10-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 11.556,22 €
1836/2021	27-10-2021	Aprobación do padrón do prezo público para actividades extraescolares en periodos vacacionais do verán 2021 (2ª/ 3ª e 4ª quenda)
1837/2021	27-10-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1838/2021	27-10-2021	Aprobación convenio Adra 2021
1839/2021	27-10-2021	Celebración voda civil o día 30 de outubro de 2021 ás 12 horas.
1840/2021	27-10-2021	Transferencia de crédito 9/2021 parque canino O Graxal
1841/2021	27-10-2021	Revisión e limpeza dos canalóns de polideportivos municipais e edificios culturais e xuvenís
1842/2021	27-10-2021	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de setembro de 2021, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de outubro de 2021
1844/2021	27-10-2021	Contrato menor actividade animación Contacontos inglés
1845/2021	27-10-2021	Contrato menor actividade Clubs de lectura

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de aprobación do "Proxecto básico e de execución, de mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Lote 1. Cambre". Expediente: 2021/C003/000013
- Proposta de adxudicación do servizo de "Estudo, documentación, análise, descrición e valoración dos postos de traballo para a revisión da relación de postos de traballo do Concello de Cambre", a prol do licitador "Consultores de Gestión Pública, S.L." non prezo ofertado de 33.000,00 € sen IVE (39.930,00 € IVE incluído). Expte: 2021/C004/000018
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000023, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática , do Servizo de mantemento e reparación de gábias, desaugadoiros e canalizacións nos camiños municipais do Concello de Cambre.

- Proposta de adxudicación do contrato menor para a “Subministración e instalación de equipamento deportivo nas instalacións deportivas municipais do Concello de Cambre” a prol da empresa Roomfitness Gestión Deportiva SL, no prezo ofertado de 13.996,00€ sen IVE, 16.935,16€ IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000176

- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á “Fabricación e montaxe de portas metálicas exteriores de entrada ao Polideportivo Os Campóns”, á empresa Acerluz Galicia, S.L. no prezo ofertado de 10.034,52€ sen IVE, 12.141,77€ IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000185

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de aprobación do “Proxecto básico e de execución, de mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Lote 1. Cambre”. Expediente: 2021/C003/000013**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 29 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 1 de setembro de 2021 mediante escrito rexistrado co número 202199900004495 achega o proxecto denominado: PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN, DE MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN LENDOIRO. A BARCALA. CAMBRE" LOTE 1”.

O proxecto pretende a definición dun itinerario peonil seguro para os usuarios da zona de acordo á Lei 10/2014, do 3 de decembro de “Accesibilidade na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde VIV/561/2010 de 1 de febreiro de 2010, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

Preténdese definir un itinerario peonil ao longo do tramo obxecto do proxecto para conseguir un itinerario homoxéneo e seguro, demolendo o cerre existente entre os p.k. 0+082 e 0+115 e ocupar os terreos necesarios para dar continuidade á beirarrúa proxectada, executando os servizos necesarios para dotar ao tramo de canalizacións novas adaptadas á normativa vixente.

Con esta actuación preténdese mellorar a estética do contorno utilizando materiais que ademais de ser atractivos, sexan duradeiros de maneira que permitan disminuir o mantemento e aumentar a durabilidade dos mesmos.

Con data 23 de setembro de 2021, emítese informe polo arquitecto municipal, dando a conformidade técnica previa ao antedito proxecto.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Aprobar o proxecto denominado: “REDACCIÓN DEL "PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN, DE MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN LENDOIRO. A BARCALA. CAMBRE" LOTE 1”, cun orzamento total de licitación: 60.000,00 €, redactado por L2 Ingeniería Consulting Galicia SCP.

**Segundo:** Notificar aos interesados para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de adxudicación do servizo de “Estudo, documentación, análise, descrición e valoración dos postos de traballo para a revisión da relación de postos de traballo do Concello de Cambre”, a prol do licitador “Consultores de Gestión Pública, S.L.” non prezo ofertado de 33.000,00 € sen IVE (39.930,00 € IVE incluído). Expte: 2021/C004/000018**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C004/000018 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, do “Estudo, documentación, análise, descrición e valoración dos postos de traballo para a revisión da relación de postos de traballo do Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 45.079,32 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 4 de agosto de 2021, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 6 de outubro de 2021, a prol do licitador “Consultores de Gestión Pública, S.L.”, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares e non atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, isto tendo en conta que a oferta presentada pola empresa que inicialmente obtivo a maior puntuación, “Rodríguez Viñals, S.L.”, resultou excluída da licitación, dado que sustenta o prezo ofertado na redución da dispoñibilidade ou dedicación esixida con carácter de mínimos aos profesionais que deberán executar os traballos, o que se considera incumprimento de obrigaación esencial, tal e como establece a cláusula 4 do PPT, cláusula 17.1.11 e Anexo V do PCAP, isto segundo consta na Acta da Mesa de Contratación de data 6 de outubro de 2021.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido nos artigos 150.2 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e financeira e maila solvencia técnica, así como a suficiencia de medios persoais e materiais para a execución do contrato, isto segundo informe emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior municipal, de data 28 de outubro de 2021.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria accidental da Corporación, de data 29 de outubro de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 426/2021 emitido polo interventor municipal con data do 29 de outubro de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada

mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data 4 de agosto de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polos licitadores que a continuación se indican, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos C: “Documentación administrativa, oferta económica e referencias valorables automaticamente”, coas condicións e requisitos establecidos nas Cláusulas 13 e 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, achegando a declaración responsable e a proposición conforme aos modelos establecidos nos Anexos II e III do PCAP:

- Consultores de Gestión Pública, S.L
- Law and Corporate, S.L.
- Novos Tempos Consultores, S.L.
- Rodríguez Viñals, S.L.

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 4 de agosto de 2021, a seguinte puntuación correspondente aos criterios de adjudicación establecidos na Cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (oferta económica, e traballos similares dos compoñentes do equipo noutras Administracións Públicas ou en Organismos Autónomos dependentes das mesmas); así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas que, unha vez efectuado o cálculo, queda establecido en 20.238,36 euros sen IVE, atopándose neste suposto a presentada pola entidade que obtén a maior puntuación, “Rodríguez Viñals, S.L.”.

Empresa	Prezo ofertado (sen IVE)	Prezo ofertado (IVE incluído)	12.a Oferta Económica	12.b.1 Experiencia asesor responsable	12.b.2 Experiencia dos dous técnicos	Total puntos
Consultores de Xestión Pública, S.L.	33.000,00 €	39.930,00 €	40,09	10	15	65,09
Law and Corporate, S.L.	22.300,00 €	26.983,00 €	59,33	0	0	59,33
Nuevos Tiempos, S.L.	26.261,21 €	31.776,06 €	50,38	7	0	57,38
Rodríguez Viñals, S.L.	18.900,00 €	22.869,00 €	70,00	15	15	<b>100,00</b>

**Terceiro:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo e cos acordos adoptados na Mesa de Contratación de data 4 de agosto de 2021, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares:

Orde	Licitador	Puntos	OFERTA ANORMALMENTE BAIXA
1º	Rodríguez Viñals, S.L.	<b>100,00</b>	Si
2º	Consultores Xestión Pública, S.L.	65,09	Non
3º	Law and Corporate, S.L.	59,33	Non
4º	Nuevos Tiempos Consultores, S.L.	57,38	Non

**Cuarto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 6 de outubro de 2021, rexeitar a oferta presentada pola empresa “Rodríguez Viñals, S.L.” motivado en que, aínda cando xustifica o prezo ofertado pola prestación do servizo (18.900 euros sen IVE, 22.869,00 euros IVE incluído), dita baixa fundaméntase na redución da dispoñibilidade ou dedicación esixida, con carácter de mínimos, aos profesionais que deberán executar os traballos (redución a 1/3 sobre o mínimo de 2/3 de xornada laboral para o asesor;

redución a 1/5 sobre o mínimo de 1/2 de xornada laboral para os dous técnicos; e redución a 1/10 sobre o mínimo de 1/2 xornada laboral para o administrativo), e cuxo incumprimento se considera incumprimento de obrigação esencial, tal e como se establece na cláusula 4 do PPT, cláusula 17.1.11 e Anexo V do PCAP, e iso tendo en conta que o licitador, no punto 1º da súa oferta, fai constar que coñece e acepta incondicionalmente o contido íntegro destes documentos, que expresamente asume e acata na súa totalidade, sen excepción nin reserva ningunha, documentos que, xunto coa oferta presentada polo licitador revisten o carácter de contractual (Cláusula 1.2 do PCAP).

**Quinto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 6 de outubro de 2021, adjudicar o contrato para a execución do servizo de “Estudo, documentación, análise, descrición e valoración dos postos de traballo para a revisión da relación de postos de traballo do Concello de Cambre”, a favor da empresa “Consultores Gestión Pública, S.L”, no prezo ofertado de 33.000,00 euros sen IVE (39.930,00 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén a maior puntuación global en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 12 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), que son o prezo e a experiencia acreditada documentalente tanto do asesor responsable como dos dous técnicos propostos para participar no contrato, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

De conformidade co establecido na cláusula 17.3 do PCAP e artigo 151 LCSP, as características da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a súa oferta atópanse na experiencia acreditada do asesor responsable e técnicos destinados á execución do contrato, sendo por mor deste criterio a oferta máis vantaxosa, sen que a súa oferta económica resultase incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

**Sexto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo nun prazo non superior a quince días tralo perfeccionamento do contrato, á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto non artigo 154 da Lei de contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 23.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adjudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha copia dun seguro de responsabilidade civil, por riscos profesionais por importe igual ou superior a 300.000,00 euros.

De conformidade co establecido nas cláusulas 17.1.11 e 19.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares, o adjudicatario deberá presentar, a través da sede electrónica do Concello de Cambre e dirixida ao Departamento de Contratación, dentro dos cinco días seguintes á formalización do contrato, a seguinte documentación acreditativa da titulación e experiencia do persoal destinado á execución do contrato :

- ✓ titulación de licenciatura en Dereito de dona Haizea Corpa Burguillo
- ✓ alta na Seguridade Social de dona Haizea Corpa Burguillo
- ✓ certificado de servizos prestados no Concello de Campo de Criptana correspondente a dona Rosa María Pérez López

**Sétimo:** De conformidade coa cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, designase como responsable municipal do contrato ao xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilo Martínez Cubero, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 17.3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentase ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notifíquese ao responsable do contrato, e ao departamento de Intervención Municipal, para ou seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C004/000023, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, do Servizo de mantemento e reparación de gábias, desaugadoiros e canalizacións nos camiños municipais do Concello de Cambre**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 28 de outubro de 2021, elaborouse pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, para a contratación do servizo de mantemento e reparación de gábias, desaugadoiros e canalizacións nos camiños municipais do Concello de Cambre, cun valor estimado de 32.990,40 euros e un orzamento base de licitación de 39.918,39 euros, elaborándose o mesmo día pola antedita enxeñeira técnica municipal o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo.

Con data do 13 de outubro de 2021, asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o informe técnico de necesidade relativo, entre outros aspectos, aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores e condicións especiais de execución do contrato.

Consta documento de retención de crédito asinado o 29 de outubro de 2021 polo interventor da Corporación, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 454.21000



Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado abreviado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159.6 da LCSP

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 29 de outubro 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaria accidental da Corporación e máis do Interventor municipal, de data 29 de outubro de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, ao tratarse dunha prestación coa que se persegue a execución dos traballos necesarios que se deben realizar de limpeza das estruturas de drenaxe das estradas e camiños municipais, para mantelas libres de elementos que obstaculicen o paso da auga e en perfecto estado, de tal forma que se permita a súa funcionalidade e ornato para o fin descrito, dando cumprimento ao establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia respecto ás operacións de conservación e mantemento do dominio público viario, que englobarán as actividades necesarias para preservar o estado dos seus bens e manter a viabilidade da rede de estradas.

Ademais, co contrato proxectado o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartados b) e d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (*"o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "b) Medio ambiente urbán....d) Infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade"*), polo que queda debidamente xustificada a necesidade do servizo para cumprir cos fins institucionais, isto en cumprimento do establecido nos artigos 1, 28 e 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C004/000023, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato:	Servizo de mantemento e reparación de gábias, desaugadoiros e canalizacións nos camiños municipais do Concello de Cambre
- Orzamento base de licitación:	39.918,39 euros
- Valor estimado:	32.990,40 euros
- Duración:	O presente contrato ten un prazo de duración dun ano desde a aceptación da adxudicación por parte do contratista, aínda que, e de conformidade co establecido na cláusula 11 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares, o prazo real de execución efectiva dos traballos comprendidos neste contrato é de 75 días naturais.

isto a teor do establecido nos artigos 131, 159.6 e concordantes da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 454.21000, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

**Cuarto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, esto tendo en conta a súa natureza e prazo de execución.

**Quinto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Proposta de adjudicación do contrato menor para a “Subministración e instalación de equipamento deportivo nas instalacións deportivas municipais do Concello de Cambre” a prol da empresa Roomfitness Gestión Deportiva SL, no prezo ofertado de 13.996,00€ sen IVE, 16.935,16€ IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000176**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 20/09/2021 asínase polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente á “Subministración e instalación de equipamento deportivo nas instalacións deportivas municipais do Concello de Cambre” elaborado polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, cun importe de licitación de 14.994,00 euros sen IVE, 18.142,74 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 35 días laborais.

A dita contratación considérase necesaria para a correcta prestación de servizo e uso das instalacións deportivas municipais que serán obxecto das actuacións derivadas deste contrato, en cumprimento das competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da *Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local*.

Asemade, a *Lei 3/2012 do deporte de Galicia*, no seu artigo 8, especifica as seguintes competencias para os municipios no seu ámbito territorial:

*3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.*

*4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.*

As necesidades a satisfacer co contrato proxectado derivan da supervisión das instalacións realizada no mes de setembro pasado, na que se constata que ademais da necesidade de reposición de diferente equipamento

motivado pola súa obsolescencia, é imprescindible incrementar estas infraestruturas dotacionais polo crecente número de deportistas federados e pola demanda veciñal.

Con data 21 de setembro de 2021 emítese documento de retención de crédito pola Intervención Municipal, de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342.62500, (mobiliario instalacións deportivas) sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local, (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 14/10/2021 emítese informe polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- Jardinería Arce, S.L.
- Cambre Ocio SL
- Roomfitness Gestión Deportiva SL
- Soluciones Técnicas de Ocio SL

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Jardinería Arce, S.L.	14.944,00	18.082,24
Roomfitness Gestión Deportiva SL	13.996,00	16.935,16
Soluciones Técnicas de Ocio SL	14.410,00	17.436,10

Formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á “Subministración e instalación de equipamento deportivo nas instalacións deportivas municipais do Concello de Cambre” a prol da empresa Roomfitness Gestión Deportiva SL, con NIF NIF \*\*\*\*\*8345, domicilio na rúa Monasterio de Moraime 8-3ºIzq 15010 A Coruña, no prezo ofertado de 13.996,00€ sen IVE, 16.935,16€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 27 de outubro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 427/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 31 de outubro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2

(apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local , así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar a “Memoria valorada”, correspondente á “Subministración e instalación de equipamento deportivo nas instalacións deportivas municipais do Concello de Cambre” elaborado polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal , cun importe de licitación de 14.994,00 euros sen IVE, 18.142,74 euros IVE incluído , así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342.62500, (mobiliario instalacións deportivas)

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000176, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato menor correspondente á “Subministración e instalación de equipamento deportivo nas instalacións deportivas municipais do Concello de Cambre” a prol da empresa Roomfitness Gestión Deportiva SL, con NIF \*\*\*\*\*8345, e domicilio na rúa Monasterio de Moraime 8-3ºIzq 15010 A Coruña, no prezo ofertado de 13.996,00€ sen IVE, 16.935,16€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** : Designar como responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas , don José Luis Martínez Názara , a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**E) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á “Fabricación e montaxe de portas metálicas exteriores de entrada ao Polideportivo Os Campóns”, á empresa Acerluz Galicia, S.L. no prezo ofertado de 10.034,52€ sen IVE, 12.141,77€ IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000185**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 26/09/2021 asínase polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal , o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente á “Fabricación e montaxe de portas metálicas exteriores de entrada ao Polideportivo Os Campóns” elaborado polo coordinador da Área, cun importe de licitación de 10.034,52 euros sen IVE, 12.141,77 euros IVE incluído , e un prazo de execución de 30 días laborais.

A dita contratación considérase necesaria para a correcta prestación de servizo e uso das instalacións deportivas municipais que serán obxecto das actuacións derivadas deste contrato, en cumprimento das competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da *Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local*.

Asemade, a *Lei 3/2012 do deporte de Galicia*, no seu artigo 8, especifica as seguintes competencias para os municipios no seu ámbito territorial:

*3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.*

*4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.*

Dita contratación considerase necesaria, trala revisión no Pavillón polideportivo municipal obxecto do contrato, onde se constatou a necesidade de iniciar un proceso de substitución das portas exteriores de entrada á instalación de referencia, debido ao estado da armazón metálica e a fraxiliade da estrutura.

Con data 04 de outubro 2021 emítese documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342 62500 (mobiliario instalacións deportivas).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 28/10/2021 emítase informe polo coordinador de Área de Cultura, Deportes e Xuventude, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- Divinor S.L.
- Metaburgo SL.
- Carpinteria Veiras Metal S.L.
- Acerluz Galicia SL.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Carpinteria Veiras Metal S.L.	10.034,52	12.141,77
Acerluz Galicia, S.L.	10.034,52	12.141,77

Tendo en conta a coincidencia das ofertas económicas presentadas, aplicáronse os criterios de desempate establecidos no artigo 147.2 da lei 9/2017 de contratos do sector público, do 8 de novembro, resultando proposta de adxudicación correspondente á “Fabricación e montaxe de portas metálicas exteriores de entrada ao Polideportivo Os Campóns” a prol da empresa Acerluz Galicia SL., con NIF B7\*\*\*\*\*00, domicilio en C/ A Telve 10,15181 Sigras Cambre), no prezo ofertado de 10.034,52 € sen IVE, 12.141,77 € IVE incluído, por ser a empresa que resultou coa mellor oferta trala aplicación dos criterios de desempate.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de admin. xeral de data 29 de outubro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 428/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 31 de outubro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, e artigo 8 da Lei 3/2012 do deporte de Galicia, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar a “Memoria valorada”, correspondente á “Fabricación e montaxe de portas metálicas exteriores de entrada ao Polideportivo Os Campóns” elaborada polo coordinador de actividades culturais e

educativas municipal con data do 26/09/2021, cun importe de 10.034,52 euros sen IVE, 12.141,77 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 30 días laborais, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 62500 (mobiliario instalacións deportivas).

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000185, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adjudicar o contrato menor correspondente á “Fabricación e montaxe de portas metálicas exteriores de entrada ao Polideportivo Os Campóns”, a prol da empresa Acerluz Galicia SL., con NIF B7\*\*\*\*00, e domicilio en A Telva 10,15181 Sigras (Cambre – A Coruña), no prezo ofertado de 10.034,52 € sen IVE, 12.141,77 € IVE incluído, por ser a empresa que resultou coa mellor oferta trala aplicación dos criterios de desempate establecidos no artigo 147.2 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato ao coordinador da Área de cultura, deportes e xuventude municipal, don José Luis Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.



O presidente  
Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental  
Verónica María Otero López